LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de xullo de dous mil dez, tomou o seguinte acordo:

A Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, establece na súa disposición adicional oitava que as universidades adaptarán os seu Estatutos conforme ao disposto a esa Lei no prazo máximo de tres anos e que ata que non se produza esta adaptación estatutaria, os Consellos de Goberno poderán aprobar a normativa de aplicación que sexa necesaria para o cumprimento do establecido nesta Lei.

Dado que a reforma de Estatutos da USC se iniciou pero finalmente non foron aprobados polo Claustro, e que se requirirá o inicio dun novo proceso Estatutario polo novo Claustro xurdido das eleccións do ano 2010, é necesario aprobar un réxime transitorio para o Consello de Goberno que sexa acorde coa regulación da Lei de Universidades.

Para a determinación desta regulación transitoria tívose en conta a proposta da Comisión de Estatutos do Claustro.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno, na súa sesión do 27 de xullo de 2010 e ao abeiro da Disposición Adicional 8ª da Lei 4/2007 acordou aprobar a composición transitoria do Consello de Goberno:

PRIMEIRO.- Apróbase a seguinte composición transitoria do Consello de Goberno, que afecta a redacción do artigo 80 dos actuais Estatutos da USC:

"O Consello de Goberno é o órgano ordinario de goberno da Universidade. Estará integrado por:
a) O reitor, que o presidirá, que poderá delegar a Presidencia nun vicerreitor.
b) O secretario xeral, que actuará como secretario.
c) O xerente.
d) Os vicerreitores
e) Corenta membros da comunidade universitaria, que se distribuirán do seguinte xeito:
- Vinte e cinco representantes do Claustro Universitario, elixidos polo sector correspondente de entre os seus membros, garantindo en cada sector a representación dos campus de Santiago e Lugo, coa seguinte composición:
- 8 membros do profesorado doutor con vinculación permanente.
- 4 membros do restante persoal docente e investigador.
- 9 estudantes.
- 4 membros do persoal de administración e servizos.
- Quince representantes dos decanos e directores de escolas, directores de departamento e directores de institutos universitarios, garantindo a presenza dos

campus de Santiago e Lugo en cada subsector e das grandes áreas no conxunto dos 15 representantes, distribuidos así: sete decanos e directores de escola, sete directores de departamento e un director de instituto.

f) Tres membros elixidos polo Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria."

SEGUNDO.- A presente regulación será transitoria e quedará automaticamente derrogada coa aprobación dos Estatutos da USC

DISPOSICIÓN FINAL.- O presente acordo entrará en vigor na data de aprobación polo Consello de Goberno

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e sete de xullo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor

Juan J. Casares Long